

María Novas

Mulleres, arquitectura e feminismos.
Un camiño cara a igualdade

XORNADA

Pascuala Campos de Michelena, as arquitecturas da vida

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 26 de outubro de 2017



Mulleres, Arquitectura e Feminismos

Un camiño cara a igualdade

María Novas

marnovfer@alum.us.es

Cal vén sendo a situación das mulleres na arquitectura? Tivo a evolución do movemento feminista un impacto no desenvolvemento da disciplina? Xogan as mulleres un papel central na ideación e construción da teoría da arquitectura? Existiron mulleres exercendo a arquitectura con anterioridade a Idade Contemporánea? Por que non as coñecemos?

A través dun percorrido cronolóxico polas diferentes etapas da arquitectura occidental intentaremos dar resposta a estas preguntas, poñendo en cuestión as narrativas tradicionalmente establecidas que non deixan de ser acordos xeneralizados, construídos socialmente, que tratan de organizar o mundo dunha maneira determinada.

Introdución

Para comezar a falar sobre mulleres, arquitectura e feminismos, partimos dunha idea principal: a forte influencia e impacto do feminismo teórico ou filosófico ao longo da historia; os conceptos, métodos e estruturas que nos serven para comprender a situación da muller no seu contexto social, coñecer a natureza da desigualdade e promover a igualdade efectiva entre todas as persoas.

“Todos deberíamos ser Feministas” é un libro da escritora nixeriana Chimamanda Ngozi Adichie (1977) publicado en 2014. Trátase dunha conferencia ditada que a autora realizou na TEDxEuston en 2012 e cuxo vídeo foi viral na rede. Como curiosidade, en Suecia un exemplar é entregado a todo o estudiantado de 16 anos.

[\[https://www.youtube.com/watch?v=hg3umXU_qWc\]](https://www.youtube.com/watch?v=hg3umXU_qWc)

E en base a esta idea, facémonos a seguinte pregunta: cal vén sendo a situación das mulleres na arquitectura? Tivo a evolución do movemento feminista un impacto no desenvolvemento da disciplina? E para poder dar resposta, compe partir dunha reflexión inicial en relación á periodización da historia da arquitectura occidental.

Ao igual que sucede coa historia universal, a periodización da historia da arquitectura occidental é unha narrativa, unha construción social en base a acordos maioritarios que establecen o sistema de coñecemento “normativo”, pero que non deixa de ser un discurso creado que trata de organizar o mundo dunha determinada maneira. A crítica feminista leva décadas apuntando que este sistema de construción da realidade falla en precisión ao atender á consideración de feitos históricos que teñen como principal protagonista exclusivamente ao home occidental; isto é, as súas accións, eventos claves ou o impacto diferenciado das transformacións sociais sobre eles.

Un bo exemplo sería na Revolución Francesa a *Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán* en 1789, un fito que é considerado de vital importancia e que marca nada menos que o paso da Idade Moderna a Idade Contemporánea. Sen embargo e, contrariamente ao que se pensa, esta declaración non era universal: excluía a totalidade das mulleres e ás persoas escravizadas, máis da metade da poboación do momento. A relevancia deste feito histórico polo tanto debería ser ao menos posta en cuestión e a crítica incorporada.

Deste xeito, nun relato cronolóxico moi simplificado da historia da arquitectura occidental organizada en Idades e etapas atoparíamos a (1) Idade Antiga (clasicismo grecorromano, ata a caída do Imperio Romano), a (2) Idade Media (estilos románico e gótico, ata 1492 data do inicio da colonización de América), a (3) Idade Moderna (arquitectura renacentista, manierista e barroca) e o Neoclasicismo no contexto da Revolución Francesa que como vimos marcará o paso á (2) Idade Contemporánea, a partir da cal xorde a Revolución Industrial e os novos materiais (ferro, vidro...). Dáse inicio así á arquitectura do século XIX: os historicismos, a arquitectura do ferro, a aparición dos edificios en altura e a Escola de Chicago, os movementos organicistas de fin de século e modernismos, para pasar ás Vangardas artísticas de comezos do século XX e a ruptura que representou o Movemento Moderno e o funcionalismo e, finalmente a arquitectura posmoderna a partir da década dos setenta.

Sen embargo, se decidimos facer este mesmo percorrido poñendo o foco na situación das mulleres no seu contexto social atopamos escenarios moi diferentes. Podemos falar dunha primeira etapa anterior á Ilustración de (1) *protofeminismo* ou feminismo premoderno, unha segunda fase ou (2) *primeira onda feminista* na Ilustración na que se inaugura a vindicación de igualdade, unha terceira fase ou (3) *segunda onda* co movemento sufragista como principal protagonista e unha cuarta fase ou (4) *terceira onda* a partir da segunda metade do século XX de expansión da teoría, e que explicaremos de seguido.

Mulleres e arquitectura na etapa anterior á Ilustración

Na etapa anterior á Ilustración a situación das mulleres estaba baseada en relacións de desigualdade intensamente arraigadas en teorías bioloxistas que dende a antiga Grecia eran a norma establecida: xa o dicía Aristóteles en *A Política* no século IV a.C.: “o macho é superior e a femia inferior, por natureza, un goberna e outra e gobernada, e este principio de necesidade esténdese a toda a humanidade”. A inferioridade estaba, pois, adscrita ás mulleres “por natureza”.

Polo tanto, no Antigo Réxime as mulleres estaban sometidas ao poder masculino na unidade familiar (pais, irmáns ou maridos), a súa autonomía era negada, e a violencia contra as mulleres non só non cuestionada senón tamén xustificada. A educación era moi minoritaria, estando reservada para as clases altas (nobres ou relixiosas), e a aínda así tratábase dunha alfabetización baseada na segregación e diferenciación sexual: a tradición relixiosa e esfera doméstica, poñendo en valor atributos como a obediencia, a abnegación ou o sometemento.

A obra La Perfecta Casada escrita por Fray Luis de León no século XVI en España desenvolve os atributos “ideais” das mulleres e reforza o seu exclusivo rol como nais e esposas. A transcendencia desta obra é clave ata ben entrado o século XX, fai non moito estes conceptos aínda estaba vixentes no noso contexto con importantes consecuencias: ao mesmo tempo que se adscribe ás mulleres á esfera doméstica se convirte en motivo de censura moral as súas inquedanzas intelectuais ou vontade de acceso á esfera pública, o espazo do poder.

Se ben nesta fase aínda non podemos atopar unha clara vindicación de igualdade, tense denominado como feminismo premoderno ou protofeminismo os memoriais de agravios e queixas de mulleres documentadas. Tamén, en 1405 aparecería a obra precursora de Christine de Pizan *La Ciudad de las Damas* na que cuestiona a inferioridade das mulleres e rebate argumentos misóxinos da época en contra das súas lexítimas demandas.

Neste contexto en Italia a partir do século XV nace o Renacemento, estendéndose por Europa ao longo do século XVI. Este feito supón o comezo da Idade Moderna e a ruptura coa Idade Media. O motivo é a transformación dunha nova cosmovisión do mundo que volve fixarse na Grecia clásica: o home e non deus, pasa a estar no centro. Sen embargo, esta doutrina do antropocentrismo tería un marcado nesgo androcéntrico: non sería o ser humano, senón exclusivamente aquilo *masculino* o que ten carácter universal.

Sería ademais durante o Renacemento que nace a figura moderna dos profesionais da arquitectura, o artista que proxecta e se diferencia do mestre de obras do medievo, grazas á invención da perspectiva. Difúndense tamén a teoría da arquitectura da que hoxe bebemos e proliferan moitos outros escritos que verían a luz entre o *Quattrocento* e o *Cinquecento*, e que aínda hoxe son estudados en numerosas escolas de arquitectura máis de cinco séculos despois.

O nesgo androcéntrico do antropocentrismo do Renacemento e a súa ampla influencia vese graficamente no canon ideal ou regra das proporcións “humanas”. O Home de Vitrubio de Leonardo da Vinci arredor do 1485 e o Modulor do célebre arquitecto do Movemento Moderno Le Corbusier do ano 1946, sistematizan a medida á que adaptar á arquitectura: o masculino segue sendo cinco séculos despois o canon “universal” da norma humana.

Neste tempo as mulleres estaban pois excluídas da práctica e teoría da arquitectura. Sen embargo e excepcionalmente, algunhas mulleres aristócratas con acceso á cultura, recursos económicos, certa autonomía e propiedades exerceron a disciplina.

Do mesmo xeito que o nome de Christine de Pizan chegou ata os nosos días como pioneira escritora, tamén sabemos que houbo mulleres exercendo a arquitectura do renacemento en Europa. En Inglaterra sobre todo, **Bess de Hardwick** (c.1527-1608) promoveu e dirixiu tres importantes obras da arquitectura isabelina (mansións de Chatsworth, Hardwick Hall e Oldcotes); **Anne Cliford** (1590-1676) deseñou monumentos funerarios, reconstruí infraestruturas e concibi edificios, ou en Italia **Plautilla Bricci** (1616) proxectou e edificou xunto ao seu irmán quen tamén era arquitecto entre elas a Villa Benedetti, hoxe desaparecida.

*O castelo das Damas de Chenonceau no río Loira en Francia, conta cunha singular historia relacionadas con mulleres que o construíron e habitaron. Foi construído maiormente por **Katherine Briçonnet** (1494–1526) mentres o seu marido Thomas Bohier batallaba entre os anos 1513 e 1517. Na actualidade é un enclave turístico de moita importancia, declarado Patrimonio da Humanidade.*

Estas mulleres non deixan de ser excepcións nunha época na que eran excluídas do desenvolvemento da arquitectura. Mais o anecdótico non resta importancia ao feito de ser pioneiras da arquitectura en Europa.

Mulleres e arquitectura na primeira onda feminista

Con posterioridade ao Renacemento, a Ilustración no século XVIII marcará a última etapa da Idade Moderna en occidente, mais durante o Século das Luces as mulleres seguiron sometidas á escuridade. A súa situación non se ve modificada pese ao debate racionalista, no que influentes filósofos como Rosseau argumentaron a natureza da muller como ser inferior sen capacidade de raciocinio e, en consecuencia, a súa non posible pertenza á cidadanía. Finalmente, a *Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán* durante a Revolución Francesa de 1789 e a pretendida “universalidade” do lema “liberté, égalité, fraternité”, non incluíría a todas as mulleres e persoas escravizadas, máis da metade da poboación do momento.

Sen embargo, a ilustración si propiciaría un maior número de excepcións no acceso á educación dalgunhas mulleres nobres e burguesas, que participaban nos debates intelectuais que tiñan lugar nos salóns parisinos, espazos de encontro intelectual e de educación non formal. Nacerían así as precursoras ilustradas, iniciando a súa lexitima demanda de plena cidadanía e igualdade: dereitos xurídicos e civís, poñendo especial énfase na demanda ao dereito á educación.

Este pensamento foi reflexado en pioneiras obras do momento que sinalan o inicio da primeira onda do feminismo: a publicación da “Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá” en 1791 de Olympe de Gouges en Francia e da coñecida obra “Vindicación dos dereitos da Muller” en 1792 en Inglaterra, por Mary Wollstonecraft.

Por outra banda, o movemento cultural e político ilustrado tamén tería a súa manifestación na arquitectura. O Neoclasicismo foi a resposta á complexidade do Manierismo, Barroco e Rococó na que derivou a etapa anterior, na procura da pureza e universalidade das artes baixo a luz da razón.

*A influínte obra de Eugène Delacroix, *A liberdade guiando ao pobo*, pintado en 1830 e conservado no Museo del Louvre de París, amosa unha venus clásica representando a Francia guiando a un “pobo” de revolucionarios burgueses e de clase obreira formado por homes exclusivamente.*

Será precisamente en Francia e Inglaterra, países ilustrados, onde atopamos a maioría de mulleres que exerceron a arquitectura que nos chegaron: en Ramsgate, **Mary Townley** (1753-1839) proxectou varias obras entre elas a recoñecida Townley House en 1792 que foi lugar de debate ilustrado; en Wreay, **Sarah Losh** (1785-1853) promoveu edificacións relixiosas, entre outras.

*La Ronde en Devon, é unha famosa vivenda de 16 lados ideada e construída polas primas **Jane Parminster** (1750-1811) e **Mary Parminster** (1767-1849) inspirada polas súas viaxes por Europa. Conta ademais cunha historia épica xa que foi legada logo da súa morte especificamente ás mulleres solteiras da familia, como forma simbólica de preservar a liberdade da muller. En 200 anos só tivo un propietario home. Hoxe está aberta ao público.*

Atopamos pois que nesta etapa ao igual que na anterior, non se produciron significativos avances na situación da muller na arquitectura: continúa tratándose de excepcións á norma, mulleres inmersas no mundo cultural ou formadas en longas viaxes, con recursos económicos propios cos que poder promover os seus propios deseños nas súas terras.

Mulleres e arquitectura na segunda onda do feminismo

Negada a cidadanía na Revolución Francesa, o movemento sufraxista continuará a loita inaugurada polas mulleres ilustradas no século XVIII en Francia e en Inglaterra. Dende mediados do século XIX en Estados Unidos e Reino Unido xorde este movemento social organizado e de carácter internacional.

O sufraxismo entendía o dereito a voto como medio para obtención de dereitos educativos e laborais para as mulleres, e de feito provocou melloras na escolarización. Aínda así, a educación das mulleres seguía a estar baseada na diferenciación sexual.

*A popular película **Mary Poppins** do ano 1964 está baseada en Londres no ano 1910. Nela atopamos dúas personaxes singulares: a **Señora Banks** é unha empedernida sufraxista e a propia **Mary Poppins** é unha muller traballadora, independente e libre. Sen dúbida dúas mulleres transgresoras dos roles tradicionais da época.*

Neste século asistimos ao definitivo auxe das transformacións económicas, o desenvolvemento do capitalismo e Revolución Industrial. Como vimos, na arquitectura os novos materiais (ferro, vidro...) dan paso á arquitectura do século XIX: os historicismos (arquitectura ecléctica, neogótica, etc.), a arquitectura do ferro, a aparición dos edificios en altura e a Escola de Chicago, os movementos organicistas de fin de século Arts & Crafts e os modernismos (Art Nouveau, Secesión vienesa, Modernismo Catalán...), para pasar ás Vanguardas artísticas de comezos do século XX (Art Decó, Expresionismo, Futurismo, Neoplasticismo, Constructivismo...) e a ruptura que representou o Movemento Moderno e o funcionalismo, representado por escolas como a Bauhaus.

En concreto o Movemento Moderno impulsado a través dos CIAM (Congresos Internacionais de Arquitectura) promoverá o desenvolvemento do Estilo Internacional, unha nova linguaxe arquitectónica na que a vivenda pasa a ser unha *máquina de habitar* e a *forma segue a función*.. ideas baseadas nos preceptos dos grandes mestres, un grupo selecto de arquitectos, os máis influentes do século XX, de diferentes nacionalidades e bagaxes mais, casualidade ou non, todos de xénero masculino.

Mais as mulleres xa comezan a ser arquitectas neste período, formadas como aprendices ou accedendo, non sen dificultades, ao sistema universitario. Os avances da segunda onda propiciaron que a partir do século XIX, mulleres pioneiras comezaran a traballar como arquitectas ou deseñadoras de interiores no contexto dos movementos historicistas e sobre todo, a partir das vangardas nos anos '20. Sen embargo, a desigualdade continuaba: as profesionais que tal ousaban estaban relegadas a un segundo plano, contidas en cargos de menor xerarquía ou importancia, ou concentrando a súa labor en tarefas consideradas máis propiamente femininas vinculadas á esfera doméstica tal como o deseño de interiores, obxectos ou mobiliario.

A partir das primeiras graduadas en países pioneiros no movemento de mulleres como Inglaterra e Estados Unidos ou Finlandia, as mulleres foron avanzando na profesión e puidemos contar con recoñecidas arquitectas como **Eileen Gray** (1898-1976) cuxa vivenda E.1027 de 1929 representa un fito no Movemento Moderno, ou **Charlotte Perriand** (1903-1999) quen desenvolveu o seu talento á sombra de Le Corbusier, a quen se lle atribúen moitos dos seus deseños de mobiliario.

*A austríaca **Margarete Schütte-Lihotzky** (1897-2000) é outra recoñecida pioneira que traballou como arquitecta e planificadora de xeito continuo ata a súa vellez, sempre dende o compromiso social e na procura de idear solucións que combatesen o que ela entendía como a escravitude das mulleres. En 1927 ideou a Cociña de Frankfurt, precursora das cociñas modernas cun sistema modular empotrado e un deseño de fácil limpeza.*

Mais que pasaba mentres tanto no estado español? Aquí as primeiras arquitectas nacerían ao amparo da II República, grazas á súa lexislación encamiñada á igualdade de dereitos políticos e civís, tamén en materia educativa. A primeira muller titulada no noso país, en xuño de 1936 xusto antes do golpe de estado, foi **Matilde Ucelay Maortúa** (1912-2008) quen foi recoñecida en 2004 el Premio Nacional de Arquitectura.

*Nese tempo, entre as escasas mulleres que había en Madrid estudando arquitectura había unha galega determinada, **Rita Fernández Queimadelos** (1912-200) nada nunha aldea de A Cañiza en Pontevedra e apoiada na súa empresa pola súa avoa. O título non o obtería ata despois de finalizada a guerra en 1941. Nunha imaxe do álbum do Consello da Cultura Galega vémolos cos seus compañeiros de clase en 1935, homes na súa totalidade.*

Posteriormente, o Franquismo supuxo un retroceso nas liberdades adquiridas e unha volta das mulleres á esfera doméstica e ao ámbito privado. De novo o anxo do fogar, a máis alta encarnación da virtude e a moral cristiá.

ArquitectAs na terceira onda do feminismo

Algo similar sucede co fin da II Guerra Mundial en occidente ao promoverse a reafirmación cultural da volta das mulleres ao fogar. Xorde entón a partir da segunda metade do século XX a contestación que marcaría a terceira onda do feminismo e que darían lugar a expansión do feminismo filosófico.

En 1949 a filósofa Simone de Beauvoir publica a súa transcendental obra *O segundo sexo* en Francia, dando un salto teórico e adiantando o revolucionario concepto de xénero. A autora afirma como «non se nace muller, chégase a selo», evidenciando que a desigualdade non ven definida por natureza, é socialmente construída, transmítese a través da educación e, polo tanto, é susceptible de ser modificada. Pódese deconstruír.

Mentres tanto na arquitectura, en resposta a austeridade do Movemento Moderno a arquitectura posmoderna entra en escena a partir da década dos '70. Supón a volta ás referencias ornamentais e estilísticas, á complexidade, manifestándose a través do deconstructivismo, o expresionismo estrutural, *high tech*, etc.

E é precisamente a partir do último terzo do século XX cando a presenza das mulleres nas escolas de arquitectura dos países occidentais comeza a xeneralizarse (o cal non quere dicir que sexa igualitaria), mais a desigualdade herdada sigue imperando. Agora fanse máis evidentes os obstáculos estruturais que coartan o progreso da muller: a segregación horizontal (elas son máis asalariadas, eles máis profesionais liberais considerado de maior prestixio), a segregación vertical ou teito de cristal e chan pegañento (dificultades no

acceso aos postos de poder), maiores taxas de abandono da profesión, invisibilidade da contribución das mulleres e non recoñecemento, etc.

A arquitecta posmoderna Denise Scott Brown (1931) é co-autora do famoso ensaio Aprendendo de Las Vegas (1972). O seu compañeiro Robert Venturi recibiu o Pritzker en 1991, ela continúa pendente de recoñecemento. En 1989 escribiu o artigo «Room at the Top? Sexism and the Star System in Architecture» no que explica como a maioría das mulleres profesionais poden contar historias de horror sobre a discriminación que sofren nas súas carreiras, entre elas a ela por exemplo apartala á hora de sacar unha foto ou comunicarlle que engadir o seu nome á portada do libro ía en prexuízo do deseño da mesma.

O coñecido caso de Denise Scott Brown sérvenos para dar visibilidade a unha realidade xeneralizada, histórica e inxusta que veñen sufrindo as arquitectas ao longo dos séculos, e que nalgúns casos aínda estamos a tempo de remediar.

Diso trata a xornada *Pascuala Campos de Michelena, as arquitecturas da vida*, de recoñecer a vital aportación dunha pioneira da arquitectura na Galiza que comezou a desenvolver a súa profesión no contexto da posmodernidade. De nós depende que non quede aquí.

Que sexa a primeira de moitas outras arquitectas na historia do país.